

## NOTA DA VIĞAIRÍA DE PASTORAL

### **SOBRE AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN PUBLICADAS NO DOG O 04-11-2020**

O pasado mércores, 4 de novembro, o Diario Oficial de Galicia publicou o decreto 179/2020, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria.

Despois de estudar o Decreto, a Arquidiocese de Santiago de Compostela, en representación da Provincia Eclesiástica, solicitou aclaracións á Presidencia da Xunta sobre o punto referido a capacidade dos templos, contestando que, de maneira xeral no territorio de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, os lugares de culto teñen un aforo máximo do 50%, pero sempre co límite máximo de 50 persoas, e de maneira concreta nos concellos que teñen limitacións específicas a capacidade máxima será de 25 persoas.

Así pois, na Diocese de Tui-Vigo as restricións que entran en vigor o 7 de novembro de 2020 afectan:

#### **Lugares de culto**

- Nas parroquias do seguintes Concellos de **Gondomar, Mos, Nigrán, Pontearreas, Pontecaldelas, Porriño, Redondela, Tui e Vigo**, a asistencia a lugares de culto será de máximo 25 persoas dende o sábado 7 ás 00:00.
- No resto de Concellos non enumerados a asistencia máximas será de 50 persoas desde o día 5 de novembro.
- En calquera ambos casos nunca se poderá superar o 50% do aforo.
- A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible.
- Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.
- Ademais hai que seguir mantendo as mesmas medidas que ata agora estaban en vigor relativas á distancia de seguridade (1,5m.), ao uso obrigatorio da máscara, á limpeza das mans con xel hidroalcolico e á desinfección do espazo despois de cada uso.

#### **Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas**

- A mesma capacidade que os lugares de culto.
- Equipáranse ás vodas outras cerimonias de carácter social; por tales podemos entender: comuñóns, confirmacións, ordes sagradas, funerais, etc.
- Deberanse evitar as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

## **Enterros e velorios**

Neste punto non se fai ningunha especificación para os concellos con restricións, polo que debemos aternos á norma xeral neste momento:

- A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de 25 persoas, entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.
- Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de
- 25 persoas en espazos ao aire libre ou de 10 persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

Sendo conscientes dos inconvenientes que estas medidas poden causar, rógase aos Sres. Curas Párrocos, Administradores Parroquiais e encargados da atención pastoral dos centros de culto, que sigan estas disposicións, coidando de respectar os límites máximos de aforo nos actos de culto.

Coma dicían os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela, no pasado mes de marzo: *De acordo coa nosa fe, que nos convida a confiar sempre en Deus, exhortamos á oración a todo o Pobo de Deus, encomendando ao Señor e á Santísima Virxe María esta situación que atravesamos. Rogamos en particular que os presbíteros ofrezan a Santa Misa pola saúde do noso pobo, particularmente dos enfermos e do persoal sanitario; e que esta intención estea presente no rezo da Liturxia das Horas, e na oración das nosas comunidades de vida consagrada, particularmente contemplativas.*

**Vigairía de Pastoral.**